



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN LABORAL TEMPORAL DE (1) PEÓN FORESTAL, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, SUBVENCIÓNS PARA O FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL) (EXP. TR351G 2024/000006-1 – EXP. 2024/E001/000006)

Primeira. OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é a selección laboral temporal, mediante o sistema de oposición, de (1) peón forestal.

Características do posto de traballo:

- Contrato de duración determinada para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral (Contrato vinculado a un programa de activación para o emprego) (Código 405) (Disposición adicional novena do Real Decreto Legislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Emprego).
- Xornada completa (40 horas á semana - luns a venres).
- Duración: nove (9) meses.
- Retribucións Peón forestal: **1.323,00 €** (salario + prorrata paga extra)/mes.

Funcións: As correspondentes a súa categoría profesional en relación coa xestión de biomasa vexetal dirixida a prevención de incendios forestais

Estes postos estarán baixo a dirección, organización e supervisión do capataz encargado da brigada de obras municipais.

Segunda. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Esta selección rexeráse polas prescricións contidas nesta convocatoria específica e, naquilo que non se prevexa, no Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público (TREBEP); na Lei 30/84, de 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública (naquelas disposicións aínda vixentes e que sexan básicas); na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; no Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, de 13 de xuño (naquelas disposicións básicas); na Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia; no Real decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei da función pública de Galicia (naquelas disposicións aínda vixentes); na Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia; no Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local; Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado e demais disposicións aplicables, e pola demais normativa que lle sexa de aplicación.

Terceira. REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Os aspirantes terán que reunir, na data de expiración do prazo sinalado para a presentación de solicitudes, as condicións seguintes:

XERAIS

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no art. 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro (TREBEP), ou estranxeiro con residencia legal en España.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

b) Ter cumpridos 16 anos de idade na data da convocatoria e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Estar en posesión do Título académico oficial de Graduado en Educación Secundaria (ESO), Graduado Escolar, Técnico de Formación Profesional, antigo título de Formación Profesional de Primeiro Grado, Bachiller elemental ou Certificado de Estudos Primarios obtido con anterioridade á finalización do Curso académico 1975-76, ou calquera outro Título equivalente aos anteriores.

No caso de invocar un título equivalente ao esixido ou titulación obtida no estranxeiro, o aspirante deberá presentar o correspondente certificado de equivalencia, expedidor polo órgano estatal ou autonómico competente en materia de educación. Dita equivalencia deberá referirse, tanto ao grado como á especialidade esixida.

d) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións correspondentes.

e) Non ser separados nin despedidos, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para o exercicio de funcións públicas por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvía no caso de persoal laboral, do cal fosen separados ou inhabilitados. No caso de pertencer a outro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometidos a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao servizo público.

Específicos:

a) Estar en posesión do permiso de conducir clase B.

b) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.

c) Non ter sido contratados, por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas.

Cuarta. PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA: presentación de oferta de emprego na oficina pública de emprego (art. 14.3 da Orde de 26/12/2023, DOG nº 17, de data 24/01/2024).

Quinta: ADMISIÓN DOS ASPIRANTES:

Os candidatos proporcionados pola oficina pública de emprego deberán presentar ata o **30/07/2024** no Rexistro Xeral do Concello a documentación seguinte:

- Anexo I.
- Fotocopia do DNI ou documento que o substitúa.
- Copia cotexada da titulación mínima esixida.
- Copia cotexada do documento acreditativo de ostentar a condición de demandante non ocupado.
- Copia cotexada do permiso de conducir (clase B).
- Certificado de lingua galega (Celga 2).

Datas:

- **01/08/2024**, publicación da lista de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, si é o caso, das causas de exclusión.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

A resolución aprobando a lista de admitidos publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal do Concello.

Sexta. TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal Cualificador estará constituído polos seguintes membros:

- Presidenta: María Mónica Iglesias Prego, Funcionaria de administración local con habilitación de carácter nacional.
- Vogais:

Javier Siro Suárez Rodríguez, Funcionario de administración local con habilitación de carácter nacional.
Ramiro Rama Figueira, Funcionario da escala de administración especial, subescala de servicios especiais, persoal de oficios.
Pedro Antonio Ferreiro Rodríguez, Persoal laboral, Oficial 1^a.
- Secretaria: Pilar Rey Rodís, Funcionaria da escala de administración xeral, subescala de xestión.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente, nin sen Presidencia nin sen secretaria.

Sétima. INICIO E DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

O proceso selectivo consistirá na realización das probas seguintes.

PROBA PRÁCTICA

De carácter obrigatorio e eliminatorio para todos/as os/as aspirantes.

Consistirá na realización dunha proba práctica proposta polo Tribunal e directamente relacionada coas funcións a desempeñar. Neste exercicio valorarase de xeito especial a pericia propia do oficio ou labor, e a celeridade na súa execución.

Os aspirantes serán convocados para a realización desta fase en chamamento único e serán excluídos da proba selectiva quen non compareza, excepto os casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo Tribunal.

A puntuación máxima que se pode obter nesta proba é de **10 puntos**.

Serán eliminados os/as aspirantes que non cheguen á metade da puntuación máxima desta proba.

A proba práctica terá lugar o día **06/08/2024**, ás 10:00 horas, na nave do Concello de Ordes (zona verde) do Parque Empresarial de Merelle, Ordes.

PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA.

Para o caso de non acreditar estar en posesión do certificado de lingua galega (Celga 2) ou equivalente, os participantes deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que comprenden, falan e escriben o galego.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Este exercicio realizarase unha vez rematada a oposición, de forma que os aspirantes que se atopen nas circunstancias do apartado anterior serán chamados para a realización desta proba.

Esta proba constará na tradución do castelán ao galego dun texto composto por un número máximo de duascenas palabras.

Para a realización desta proba disporase dun tempo máximo de 30 minutos.

A cualificación será de apto ou non apto.

A proba terá carácter eliminatorio, de forma que as persoas aspirantes que non a superen quedarán excluídos do proceso selectivo.

Oitava. ORDE DE CLASIFICACIÓN DEFINITIVA

A orde de clasificación definitiva dos aspirantes será o resultado da puntuación obtida na proba práctica.

En caso de empate resolverase por sorteo.

Novena. LISTA DE APROBADOS

Rematado o proceso selectivo, o tribunal cualificador publicará na web municipal e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello a lista de aprobados coas puntuacións obtidas por orde de maior a menor puntuación e elevará a proposta de aprobados á Presidencia da corporación co obxectivo determinar aos aspirantes seleccionados, así como a orde definitiva dos integrantes da bolsa de emprego, por orde da puntuación total obtida no proceso selectivo.

O Tribunal non poderá declarar e propoñer o acceso ao posto de traballo a un número superior de aspirantes aprobados ao de prazas convocadas, quedando eliminados todos os aspirantes de cualificación inferior que excedan das vacantes convocadas. As propostas que infrinxan esta norma serán nulas de pleno dereito.

Décima. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

Os aspirantes que sexan chamados e dean a súa conformidade a unha contratación terán que presentar, no prazo máximo de dous días hábiles contados a partir do día en que manifeste a conformidade, os documentos seguintes, referidos sempre á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes:

- a) Fotocopia compulsada do documento nacional de identidade.
- b) Copia autenticada ou fotocopia compulsada do título esixido ou certificación académica que acredite que ten cursados e aprobados os estudos necesarios para a obtención do título correspondente.
- c) Certificado médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das funcións correspondentes.
- d) Declaración xurada ou promesa que non foi separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo do Estado, das comunidades autónomas, nin entidades locais, nin está inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.
- e) Domiciliación bancaria para ingreso da nómina.

Non poderán ser contratados quen non presenten a documentación no prazo indicado, salvo os casos de forza maior, ou si se deduce que carece dalgún dos requisitos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

Undécima. BOLSA DE TRABALLO.

Os aspirantes que superen o proceso selectivo integraranse nunha bolsa de traballo ao obxecto de cubrir as baixas do persoal laboral obxecto da convocatoria.

11.1 Procedemento para a cobertura dun posto de traballo.

O chamamento realizarase segundo a orde da bolsa nese momento. A cada aspirante efectuaránselle ata tres chamamentos por vía telefónica repartidos en dous días diferentes, cun intervalo entre eles polo menos de catro horas, coa maior antelación posible ao día en que proceda a contratación. No caso de que a persoa interesada facilitase o seu mail, o chamamento efectuarase a través correo electrónico unha soa vez, debendo contestar nun prazo máximo de 24 horas.

No caso de que non resulte posible a súa localización ou por falta de resposta pasarase ao seguinte aspirante, aínda que se respectará a súa quenda na bolsa.

De todas as actuacións deberase deixar constancia por escrito estendendo dilixencia acreditativa das practicadas e as súas incidencias.

As persoas interesadas deberán ter actualizados os seus datos persoais e de contacto no caso de que se produzan modificacións, comunicándoas formalmente á Administración (correo electrónico con constancia de recepción). Noutro caso asumirán os prexuízos que lles cause.

Os aspirantes propostos, cando sexan chamados para a súa contratación, deberán presentar, no Departamento de Recursos Humanos do Concello, no prazo máximo de 48 horas, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia DNI.
- b) Copia auténtica do Título esixido, ou na súa falta, certificación académica expresiva de concluír con cualificación positiva todos os estudos precisos para a súa obtención.
- c) Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño do posto de traballo para o que se lle contrata.
- d) Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante expediente disciplinario de ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, nin en situación de incapacidade ou incompatibilidade para ocupar a praza correspondente.
- e) Domiciliación bancaria para ingreso da nómina.

11.2 Causas de exclusión.

Serán causas de exclusión das bolsas de emprego as seguintes:

- a) A solicitude expresa da persoa interesada.
- b) Non aceptar a proposta de traballo ofertada.
- c) Non presentar en prazo a documentación requirida para a formalización do contrato ou presentar datos incorrectos.
- d) Solicitar o cesamento por renuncia despois da incorporación.
- e) Exclusión por deficiente rendemento constatado en informe do técnico/a e acordado, previo prazo de alegacións, polo órgano correspondente.

Duodécima IMPUGNACIÓN

As presentes bases específicas e todos os actos administrativos que se deriven das bases e das actuacións dos tribunais calificadoros, poderán ser impugnados conforme ao que establece



CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Ordes, 16 de xullo de 2024.

O Alcalde-Presidente
José Luis Martínez Sanjurjo

ANEXO I

MODELO DE INSTANCIA

D./D^a. _____

Con DNI/Pasaporte/NIE nº _____, con domicilio en

Código postal _____, teléfono de contacto _____, e enderezo

electrónico _____.

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

- Coñecer as bases que regulan a selección, en réxime de persoal laboral de **(1) PEON FORESTAL (APROL RURAL 2024)**, as cales asume e acepta na súa integridade.
- Cumprir os requisitos esixidos polas bases da dita convocatoria.
- Non estar incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade, e non ter sido separado mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que son necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

SOLICITA:

Ser admitido no proceso de selección de persoal laboral temporal para o posto de **PEÓN FORESTAL (APROL RURAL 2024)**, declarando que son certos os datos consignados na presente solicitude.

Á presente instancia achégase a seguinte documentación:

- Copia cotexada do DNI ou documento que acredite a nacionalidade.
- Copia cotexada do documento acreditativo de ostentar a condición de demandante non ocupado.
- Copia cotexada permiso de conducir clase B.
- Copia cotexada do título esixido para tomar parte nesta convocatoria.
- Copia cotexada do Certificado de lingua galega (Celga 2).

En _____ a, de _____ de 2024

Asdo./ _____

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ORDES